

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 4780** *Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O deporte foi considerado tradicionalmente un medio apropiado para adquirir valores de desenvolvemento persoal e social, afán de superación, integración, respecto á persoa, tolerancia, acatamento de regras, perseveranza, traballo en equipo, superación dos límites, autodisciplina, responsabilidade, cooperación, honestidade, lealdade, etc. Todas elas son calidades desexables por todos e pódense conseguir a través do deporte e da orientación que os profesores, adestradores e familia lle dean, sempre co apoio de todos os axentes implicados nel, de forma que estes valores se desenvolvan e perduren na persoa e lle axuden a un completo desenvolvemento físico, intelectual e social e, ademais, a unha mellor integración na sociedade en que vivimos.

Mentres a actividade deportiva se moveu exclusivamente no ámbito afeccionado, lonxe da aplicación de criterios empresariais na súa xestión, primaron estes valores e o deporte permaneceu alleo á realidade económica e aos principios e regras polos que se rexe. No entanto, dous fenómenos recentes marcaron a transición cara ao que podería denominarse «deporte moderno»: a profesionalización e a comercialización. O proceso de profesionalización no deporte refírese tanto ás persoas como ás estruturas e asóciase ao paso dos deportistas dun estado afeccionado a outro profesional, pero tamén á racionalización do funcionamento operativo das organizacións dedicadas á promoción e desenvolvemento do deporte. O proceso de comercialización é máis recente e asóciase á transmisión dos acontecementos deportivos a través de distintos medios de comunicación, que se traduciron en interesantes oportunidades de xeración de ingresos para as organizacións deportivas a través da venda de dereitos de televisión, de licenzas de imaxe e outras actividades comerciais produto da exposición mediática de equipos, xogadores e estrelas do deporte.

A confluencia de ambos os dous factores non foi homoxénea e algunhas disciplinas experimentárono antes que outras ou con maior profundidade; en todo caso, esta circunstancia transformou profundamente o deporte desde unha dobre perspectiva. Por un lado, as disciplinas deportivas vanse achegando a unha nova concepción do deporte como industria, converténdoo nun extraordinario motor de crecemento económico. Por outra parte, nas sociedades occidentais o deporte converteuse na actualidade nun fenómeno social cuxa importancia transcendeu o ámbito estritamente deportivo.

II

O acelerado e crecente consumo dos eventos deportivos a través dos medios de comunicación social, nunha dimensión que supera amplamente os mercados nacionais para globalizarse, transformou completamente a configuración clásica das competicións deportivas oficiais máis profesionalizadas, cuxa sustentabilidade actual depende do balance entre a correcta xestión dos recursos económicos, que atraen na súa difusión masiva, e a súa capacidade para manterse como un produto atractivo, competitivo e socialmente relevante. Neste novo esquema, o impacto económico derivado da comercialización dos dereitos audiovisuais das competicións profesionais do deporte é, sen dúbida, o factor singular que, con maior intensidade, condiciona as posibilidades de

desenvolvemento desas competicións e, ao mesmo tempo, o que mellor reflicte os desequilibrios desa dualidade entre o económico e o deportivo que as caracteriza.

En España, como noutros países da nosa contorna, é na competición de fútbol profesional masculino onde, en maior medida, converxen estas tendencias nas cales os factores meramente deportivos se combinan cos propios dun sector económico puxante e cos elementos inmateriais e culturais que se asocian coa práctica do fútbol. E no relato empírico deste proceso complexo e non sempre pacífico das últimas décadas, a influencia dos ingresos económicos derivados da explotación dos dereitos audiovisuais foi especialmente crítica e determinante, tanto para consolidar a competición española de fútbol profesional como unha das de maior calidade recoñecida no mundo como para potenciar e desenvolver o mercado audiovisual, en especial, o dos servizos de televisión de pago. Como no resto dos países con competicións de nivel análogo, o fútbol utilizou a televisión como medio fundamental para a obtención de recursos e ingresos, pero, pola súa vez, a expansión das televisións e doutros medios e canles de difusión, en particular a televisión de pago, dependeron e dependen, en gran medida, da súa capacidade para programar encontros de fútbol profesional.

O modelo de comercialización dos dereitos audiovisuais das competicións de fútbol profesional en España baséase na autonomía da vontade dos axentes intervinientes, que gozan de plena autonomía para ordenar as súas relacións comerciais. Neste contexto, optouse pola venda individualizada polos equipos participantes nas competicións, recoñecéndolle así a titularidade do dereito á retransmisión de cada encontro da competición ao club local, ben que debe contar co consentimento do club visitante. Fronte á progresiva implantación dos modelos de venda conxunta en todos os países europeos con competicións profesionais de fútbol relevantes, o modelo de venda individualizado exixiu que os equipos e os operadores audiovisuais deban alcanzar acordos múltiples para a difusión dos partidos, non sempre compatibles coas regras do mercado, desiguais en canto á capacidade de negociación das partes e sometidos a unha permanente conflitividade xudicial, sen que na práctica existise participación das entidades organizadoras das respectivas competicións.

O funcionamento inestable e fragmentado deste modelo de venda de dereitos audiovisuais derivou nunha debilidade estrutural do sistema que explica que a recadación por esta venda sexa sensiblemente inferior á que correspondería á competición española por importancia, dimensión e impacto internacional, e que o desequilibrio de ingresos entre os equipos que máis e menos reciben sexa tamén o maior das ligas da nosa contorna. Esta debilidade na comercialización dos dereitos e a consecuente inexistencia dun mercado eficiente na repartición dos dereitos tamén parece ter incidido no desenvolvemento limitado das novas canles de difusión, en particular a da televisión de pago, que noutros países da nosa contorna se expandiron aproveitando unhas condicións na venda dos dereitos audiovisuais máis transparentes e estables en tempo e requisitos de explotación.

III

O contido desta disposición xira sobre tres eixes fundamentais. Por unha parte, aínda que a titularidade dos dereitos audiovisuais de retransmisión en directo e/ou diferido, na súa integridade ou en versións resumidas e/ou fragmentadas dos encontros das competicións de fútbol profesional, se atribúe aos clubs ou entidades participantes, establécese a obriga de ceder as facultades da súa comercialización conxunta ás entidades organizadoras, é dicir, á Liga Nacional de Fútbol Profesional, no caso do Campionato Nacional de Liga de Primeira e Segunda División e á Real Federación Española de Fútbol, respecto da Copa da S.M. o Rei e a Supercopa de España. Estas entidades están obrigadas a comercializar os dereitos cedidos mediante sistemas de adjudicación e explotación que respecten os principios de igualdade e de liberdade de empresa e dentro do marco xeral das normas nacionais e comunitarias en materia de competencia. Para estes efectos, o real decreto lei establece determinados criterios en relación co procedemento para a comercialización e adjudicación dos dereitos e recoñécelle á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia un papel protagonista

determinante na supervisión dos citados procedementos de contratación conxunta dos dereitos audiovisuais.

O segundo eixe sobre o que pivotan os artigos do real decreto lei é o establecemento do sistema de repartición dos ingresos obtidos pola comercialización conxunta, no cal se introducen criterios correctores que limitan as diferenzas entre as entidades participantes que maiores e menores ingresos recibirán en cada temporada. Estes criterios permiten distribuír os ingresos entre a Primeira e Segunda División do Fútbol e ponderan a distribución equitativa dentro de cada categoría segundo os resultados deportivos obtidos e a implantación social de cada entidade participante, medida pola recadación en abonos e venda de entradas media e a achega relativa na xeración de recursos pola comercialización das retransmisións televisivas.

En terceiro lugar, unha vez distribuídos os ingresos obtidos da comercialización, cada entidade participante debe asumir as contribucións obrigatorias que se establecen para o Fondo de Compensación das entidades deportivas que, disputando a competición do fútbol profesional, descendan de categoría; para as políticas de promoción da competición profesional e do fútbol afeccionado que desenvolven respectivamente a Liga Nacional de Fútbol Profesional e a Real Federación Española de Fútbol, e para as políticas do Consello Superior de Deportes en apoio da Primeira División do Fútbol Feminino, a Segunda División B do Campionato Nacional masculino e as asociacións de futbolistas, árbitros, adestradores e preparadores físicos.

Neste sentido, debe recordarse que o sistema deportivo, tributario da autonomía con que organizacións internacionais o xestaron do modo que agora coñecemos, e que salvagardan de maneira celosa, é un complexo ecosistema. A existencia de medidas de solidariedade internas, complementaria das xerais da sociedade, é tamén un elemento común distintivo deste mundo do deporte. Dáse en todas as organizacións a través de institucións variadas (dereitos de formación, compensacións ás categorías inferiores, etc.). É razoable que a maior fonte de ingresos do deporte máis profesionalizado con ampla diferenza sirva tamén para financiar a base desa pirámide da cal é a cúspide. Así, o interese xeral tamén se encerra en destinar partidas destes ingresos ao fútbol afeccionado, ao fútbol feminino, cuxo desenvolvemento é moi inferior por razóns históricas que non deixan de contar entre elas con discriminacións que reclaman a súa compensación, ás categorías non profesionais do fútbol de que se nutren non poucas veces os seus cadros de persoal e desde as que ascende cada ano o 20 por 100 dos equipos da Segunda División profesional, ou ao resto de modalidades deportivas e deportistas que enriquecen a imaxe do noso país e ofrecen aos nosos cidadáns a súa entrega e as súas vitorias, e que moi xeralmente acaban as súas carreiras deportivas sen ter podido sequer comezar a súa carreira como cotizantes.

Finalmente, o real decreto lei recolle tamén algunhas medidas organizativas e un réxime transitorio que deben asegurar unha implantación progresiva e estable dos seus contidos, e complétase coa modificación parcial dalgunhas outras leis estreitamente vinculadas coa práctica do fútbol profesional. Así, establécese un procedemento para garantir a explotación non exclusiva dos dereitos para o mercado nacional dos partidos do Campionato Nacional de Liga de Primeira División destinados á televisión de pago, atendendo ao carácter esencial destes contidos para este mercado, así como para o mercado conexo dos servizos de comunicacións electrónicas, cuxa comercialización se realiza de maneira habitual de forma empaquetada. Así mesmo, modifícase a Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, para axustar o tempo dos resumos deportivos que se poden incluír nos espazos informativos de carácter xeral aos últimos criterios xurisprudenciais do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Modifícase tamén a Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, co fin de reforzar os sistemas de control económico e financeiro das sociedades anónimas deportivas, así como para evitar a utilización destas con fins que poidan afectar o equilibrio financeiro da competición e das entidades que nel participan.

IV

En principio, a existencia de ineficiencias nun mercado de bens e servizos constitúe un asunto estritamente privado, cuxa solución incumbe aos axentes que operan neste. Calquera intervención pública debe ter carácter excepcional e xustificarse en superiores razóns de interese xeral.

No caso do mercado de dereitos audiovisuais das competicións de fútbol profesional son tres as razóns que lexitimán a intervención urxente do Goberno: por un lado, a indiscutible relevancia social do deporte profesional; en segundo lugar, a reiterada e unánime demanda da dita intervención desde todos os sectores afectados, e, finalmente, a necesidade de promover a competencia no mercado da televisión de pago, actuando sobre un dos seus activos esenciais.

A relevancia social do deporte profesional en España e, concretamente, do fútbol, constitúe unha evidencia que queda reflectida nos estudos estatísticos e de opinión. De feito, o fútbol é a disciplina deportiva que conta cun maior número de deportistas federados (855.987 en 2013, o que representa o 25,2 por 100 do total de licenzas federativas), que participan en competicións oficiais a través de 21.584 clubs deportivos.

Pero o interese polo fútbol vai alén da súa práctica, como revela o barómetro do CIS de xuño de 2014, que indica que un 48 por 100 da poboación se manifesta interesada no fútbol, aínda que non o practique. Curiosamente, cando se pregunta pola condición de simpatizante con equipos de fútbol profesional, esta porcentaxe elévase ao 67,4 por 100.

Este elevadísimo interese da sociedade polo fútbol profesional condiciona os hábitos de consumo da poboación. De feito, os simpatizantes dos equipos de fútbol profesional confesan que ven sempre que poden os seus partidos pola televisión (74,9 por 100), incluso a través de servizos de televisión de pago (15,5 por 100), que asisten a encontros en directo (32 por 100) e que adquiren produtos de uso persoal comercializados coa marca do seu equipo (30,1 por 100).

Estes datos de opinión vense referendados polos indicadores de asistentes aos estadios de fútbol e de audiencias televisivas que recolle a Liga Nacional de Fútbol Profesional nas súas memorias anuais. Así, na temporada 2013/14, máis de 13 millóns de persoas asistiron aos estadios para presenciar en directo encontros da Primeira e Segunda División de fútbol, e as audiencias televisivas superaron os 210 millóns de espectadores.

Tampouco é desdeñable a contribución do fútbol profesional á actividade económica e o seu impacto directo e indirecto na xeración de riqueza e emprego, que afecta sectores variados como os relacionados co turismo, a publicidade e o patrocinio, a comercialización das tecnoloxías da comunicación, todos eles importantes no noso país.

A segunda razón que xustifica a intervención normativa do Goberno é a dificultade dos operadores para adoptar, pola vía da autorregulación, un modelo eficiente de xestión dos seus dereitos audiovisuais. O modelo de venda individual, vixente desde a temporada 1997/1998, estivo sometido a unha permanente revisión por parte dos órganos xurisdiccionais e das autoridades de competencia españolas ante as diversas e complexas relacións establecidas entre os múltiples axentes que interveñen no mercado das retransmisións televisivas do fútbol. Estas tensións presentáronse tanto entre os clubs oferentes como entre os operadores demandantes dos dereitos audiovisuais.

É oportuno recordar a crise endémica que asolou o fútbol profesional historicamente. Os sucesivos «plans de saneamento» afrontados desde hai décadas non impediron a periódica liquidación de equipos históricos, o paso por situación concursal dunha alta porcentaxe dos equipos profesionais, a acumulación de débedas superiores a catro mil millóns de euros entre os 42 equipos do fútbol profesional ao final da temporada 2011/2012. O fútbol profesional está afrontando un profundo cambio cultural contra esa tendencia histórica sen excepción de perdas continuas na conta de resultados. A través das medidas de control económico e financeiro promovidas polo Consello Superior de Deportes, os dous últimos exercicios puideron reducir de maneira significativa esa débeda, desafiando esta inercia. Pero non sería razoable acometer este esforzo sen dispoñer da mellor ferramenta, estendida en todas as competicións deportivas profesionais do mundo, como é a venda centralizada dos dereitos de televisión.

A enorme tensión acumulada durante a última década impediu que as partes alcanzasen un acordo sobre a comercialización conxunta dos dereitos audiovisuais e a repartición destes ingresos, como ocorreu noutras competicións profesionais en Europa (*Premier League* inglesa e *Bundesliga* alemá) e como sería desexable. Neste contexto, o único consenso que logrou concitarse sintetizase no comunicado da Xunta Directiva da Real Federación Española de Fútbol do 7 de abril de 2015, que acordou «ratificar a unidade do fútbol español, manifestada na reunión de hoxe, por todos os membros representantes, tanto do fútbol profesional como afeccionado, co apoio incondicional da RFEF e da LFP, para a promulgación, con carácter urgente, dun real decreto lei que regule a comercialización unificada dos dereitos audiovisuais e a súa repartición solidaria con todo o fútbol español.»

É dicir, as dificultades do sector para autorregularse levaron os actores a reclamar a actuación urgente do Goberno, que unicamente accede a intervir en atención á dimensión e á relevancia social do fútbol profesional en España, facilitando a superación do maior obstáculo que esta actividade económica ten, e que ocupa asemade un lugar importante entre os intereses de moitos cidadáns, para que se poida desenvolver con normalidade, como no resto dos países da nosa contorna.

A extraordinaria e urgente necesidade da intervención deriva da situación contractual dos clubs e entidades participantes en relación coa comercialización dos seus dereitos audiovisuais. Aínda que, como consecuencia da comercialización individual, os supostos son diversos, a maioría dos clubs e entidades participantes no Campionato Nacional de Liga xa subscribiron contratos para a comercialización individual dos seus dereitos ata a temporada 2015/16, e deberían concluír as negociacións do novo período de venda en 2015. Algúns contratos individuais terminan a súa vixencia na temporada 2014/15 e os clubs correspondentes están en disposición de negociar e subscribir novos contratos, que poderían prorrogar a súa vixencia ata a temporada 2017/18. Por outra parte, os dereitos de explotación nos mercados internacionais unicamente están comercializados para a temporada 2014/15.

En consecuencia, neste momento é posible a explotación dos dereitos audiovisuais da temporada en curso (2014/15) nos mercados nacional e internacional, pero, a partir da temporada 2015/16, preséntase unha situación de incerteza, que soamente quedaría garantida mediante a posta en común de todos os dereitos individuais. Especialmente comprometida é a comercialización dos dereitos nos mercados internacionais, que resultará practicamente inviable nas actuais circunstancias, ao resultar imposible ofrecer un paquete conxunto aos operadores estranxeiros interesados. A proximidade da seguinte temporada fai que ese produto se desvalorice continuamente e sexa substituído por alternativas competidoras da nosa liga de fútbol. Ningunha fórmula diferente á venda centralizada permite a comercialización fóra de España, pois doutra maneira é case imposible que un só axente económico poida ofrecer aos operadores dos diversos países o produto «Liga Española». A incapacidade do sector para poder propiciar esta comercialización exige unha actuación urgente que permita saír ao mercado e non seguir perdendo oportunidades.

Nestas circunstancias, existe a oportunidade de implantar con plenas garantías o sistema de comercialización centralizada dos dereitos audiovisuais a partir da temporada 2016/17, respectando os compromisos contractuais vixentes. Para lograr este obxectivo, resulta imprescindible que os novos contratos que están negociando as entidades deportivas que aínda que non os comercializaron na temporada 2015/2016 teñan unha vixencia dunha única temporada.

Posto que estes novos contratos se están negociando nestes momentos e se deberían subscribir con antelación suficiente respecto do inicio da próxima temporada (setembro de 2015), resulta de extraordinaria e urgente necesidade a aprobación da norma legal que permite a implantación do modelo de explotación e comercialización conxunta e que definitivamente achegue seguridade a todos os operadores e axentes potencialmente implicados.

Por último, debe sinalarse que os dereitos audiovisuais das competicións profesionais de fútbol constitúen un activo estratéxico de primeira orde para as empresas que operan no mercado da comunicación audiovisual de televisión de pago e, en consecuencia, o sometemento da súa comercialización a un réxime xurídico que garanta o acceso á súa explotación en réxime de libre competencia permitirá establecer unha base sólida para o desenvolvemento do mercado da televisión de pago en España.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de abril de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto deste real decreto lei é establecer as normas para a comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais de competicións futbolísticas correspondentes ao Campionato Nacional de Liga de Primeira e Segunda División, á Copa da S.M. o Rei e á Supercopa de España, así como os criterios para a distribución dos ingresos obtidos entre os organizadores e participantes nelas.

Os ditos contidos audiovisuais comprenden os eventos que se desenvolvan no terreo de xogo e inclúen as zonas do recinto deportivo visibles desde este, desde os dous minutos anteriores á hora prevista para o inicio do acontecemento deportivo ata o minuto seguinte á súa conclusión, e inclúen os dereitos para a súa emisión, tanto en directo como en diferido, na súa integridade e en versións resumidas ou fragmentadas, destinados á súa explotación no mercado nacional e nos mercados internacionais.

O previsto neste punto enténdese sen prexuízo da emisión de breves resumos informativos a que fai referencia o artigo 19.3 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei os dereitos de explotación de contidos para a súa emisión a través dos servizos de comunicación audiovisual radiofónica.

Artigo 2. *A titularidade dos dereitos audiovisuais.*

1. A titularidade dos dereitos audiovisuais incluídos no ámbito de aplicación desta lei corresponde aos clubs ou entidades participantes na correspondente competición.

2. A participación nunha competición oficial de fútbol profesional comportará necesariamente a cesión polos seus titulares á entidade organizadora das facultades de comercialización conxunta dos dereitos audiovisuais incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto lei.

Para efectos deste real decreto lei, e sen prexuízo das competencias recoñecidas na lexislación deportiva xeral, terán a consideración de entidade organizadora:

a) A Liga Nacional de Fútbol Profesional, respecto do Campionato Nacional de Liga de Primeira e Segunda División.

b) A Real Federación Española de Fútbol, respecto da Copa da S.M. o Rei e da Supercopa de España.

3. Sen prexuízo das facultades das entidades comercializadoras, o club ou entidade en cuxas instalacións se dispute un acontecemento deportivo das competicións a que se refire o artigo 1 reservará para si a explotación dos seguintes dereitos:

a) A emisión en diferido do encontro a partir da finalización da xornada deportiva, sempre que o faga directamente a través dunha canle de distribución propia dedicada tematicamente á actividade deportiva do club ou entidade participante.

b) A emisión en directo, dentro das instalacións nas cales se desenvolva o acontecemento deportivo, do sinal audiovisual televisivo correspondente ao dito acontecemento.

4. Os dereitos audiovisuais non incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto lei poderán ser explotados e comercializados individualmente polos clubs ou entidades participantes, directamente ou a través de terceiros.

Artigo 3. Deber de colaboración na produción e transporte dos contidos audiovisuais.

Os clubs ou entidades participantes en cuxas instalacións se celebren acontecementos deportivos a que se refire este real decreto lei deberán prestar a súa plena colaboración coa entidade ou entidades encargadas da produción e o transporte dos contidos audiovisuais para o adecuado desenvolvemento das súas funcións, sen que en ningún caso poidan reclamar contraprestación ou compensación polos eventuais gastos ordinarios que deriven da utilización do recinto deportivo ou das súas instalacións para as ditas funcións.

En todo caso, a produción e o transporte dos contidos audiovisuais deberase realizar de forma que non se vexan afectados nin o desenvolvemento do propio acontecemento deportivo nin a explotación polo club ou entidade participante dos dereitos a que se refire o punto 3 do artigo 2, nin calquera outra actividade comercial que se desenvolva no recinto deportivo ou nas súas instalacións.

Artigo 4. Condicións de comercialización conxunta dos dereitos audiovisuais.

1. O sistema de comercialización e explotación dos dereitos audiovisuais rexerase polo principio de liberdade de empresa dentro do marco do sistema de avaliación establecido pola normativa europea e española da competencia.

2. A comercialización dos dereitos audiovisuais nos mercados nacional e da Unión Europea poderase realizar en réxime de explotación exclusiva ou non exclusiva, incluíndo aquelas modalidades de comercialización non exclusiva en igualdade de condicións a todos os operadores interesados, de conformidade co previsto neste artigo.

3. As entidades comercializadoras establecerán e farán públicas as condicións xerais que rexerán a comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais obxecto de comercialización centralizada, incluíndo a configuración das ofertas para a súa explotación nos mercados nacional e da Unión Europea, as súas agrupacións en lotes e os requisitos para a súa adxudicación e explotación, que deberán respectar, en todo caso, os límites e principios establecidos neste real decreto lei.

Sen prexuízo do previsto na Lei 3/2013, do 4 de xuño, e no resto de normativa de competencia, con carácter previo á aprobación das ditas condicións, as entidades comercializadoras solicitarán da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a elaboración dun informe sobre as citadas condicións de comercialización de dereitos. O dito informe será elaborado no prazo dun mes desde que fose solicitado.

4. Para os efectos da determinación das condicións de comercialización centralizada de dereitos sinalada no punto anterior, teranse en conta os criterios seguintes:

a) Nas condicións de comercialización concretarase o alcance dos lotes de dereitos obxecto de comercialización, sinalando, en particular, os contidos incluídos en cada lote, o ámbito xeográfico para a súa explotación, se se destinan á súa emisión en aberto ou en codificado e os que serán obxecto de explotación exclusiva ou non exclusiva.

b) Deberase garantir a comercialización dos dereitos correspondentes aos acontecementos de interese xeral para a sociedade, aos cales se refiren o artigo 20 e a disposición transitoria sexta da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

c) Deberase precisar nas condicións da oferta a data e horario de celebración de cada un dos eventos comercializados ou as condicións que permitan a súa determinación aos adxudicatarios.

d) A adxudicación dos dereitos débese realizar mediante un procedemento público, transparente, competitivo e sen discriminación de licitadores, baseado en criterios obxectivos entre os que deberán figurar, principalmente, a rendibilidade económica da

oferta, o interese deportivo da competición, e o crecemento e o valor futuro dos dereitos audiovisuais que poida achegar o adxudicatario.

e) A adxudicación de cada lote ou paquete realizarase de maneira independente. As condicións de adxudicación establecidas polas entidades comercializadoras e as ofertas presentadas polos licitadores non poderán estar condicionadas á adquisición de determinados paquetes ou lotes ou á concorrencia de determinados eventos.

f) A duración dos contratos de comercialización non poderá exceder os tres anos.

g) Unha mesma persoa ou entidade non poderá ser titular ou adquirir de maneira directa ou indirecta dereitos exclusivos de explotación no mercado nacional de contidos correspondentes a máis de dous paquetes ou lotes, ben sexa no proceso de licitación ben nun momento posterior mediante adquisición ou cesión de dereitos adquiridos por terceiros, salvo que nalgún lote ou paquete non existisen licitadores ou adquirentes ou outras ofertas economicamente equivalentes.

h) As entidades comercializadoras comercializarán os dereitos que xestionen coa suficiente antelación para que a súa explotación se leve a cabo dunha maneira adecuada.

5. As condicións de comercialización dos dereitos audiovisuais nos mercados internacionais faranse públicas e someteranse ao informe previo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia nos termos previstos no parágrafo segundo do punto 3 deste artigo. A entidade comercializadora ofrecerá a través da web información actualizada sobre os contratos de comercialización vixentes.

6. Se algún dos adxudicatarios non explota os dereitos audiovisuais, as entidades comercializadoras poderán resolver o contrato e adxudicalo a outro licitador, sen prexuízo das estipulacións acordadas.

7. Os dereitos audiovisuais incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto lei que non sexan obxecto de comercialización conxunta poderán ser explotados e comercializados individualmente polos clubs ou entidades participantes, directamente ou a través de terceiros.

Artigo 5. *Criterios de repartición dos ingresos entre os participantes no Campionato Nacional de Liga.*

1. Os ingresos obtidos pola explotación e comercialización conxunta dos dereitos audiovisuais do Campionato Nacional de Liga distribuiranse entre os clubs e entidades participantes na Primeira e Segunda División conforme os criterios establecidos neste artigo.

2. O 90 por 100 dos ingresos asignarase aos clubs e entidades participantes na Primeira División do Campionato Nacional de Liga e o 10 por 100 restante aos clubs e entidades da Segunda División.

3. A Liga Nacional de Fútbol Profesional distribuirá as cantidades correspondentes a cada categoría conforme os criterios que se acorden, respectando, en todo caso, as seguintes regras e límites:

a) Unha porcentaxe distribuirase entre os participantes de cada categoría a partes iguais. A cantidade que se vai repartir será do 50 por 100 na Primeira División e, ao menos, o 70 por 100 na Segunda División.

b) A cantidade restante, tras detraer a partida sinalada na letra a), distribuirase entre os clubs e entidades de cada categoría de forma variable. Cada metade desta cantidade repartirase atendendo a cada un dos seguintes criterios:

1.º Os resultados deportivos obtidos. Na Primeira División tomaranse en consideración os resultados deportivos das cinco últimas temporadas, ponderaranse os obtidos na última un 35 por 100, na penúltima un 20 por 100 e un 15 por 100 cada unha das tres anteriores. Na Segunda División soamente se terá en conta a última temporada.

Para a aplicación destes criterios, a cantidade que se distribuirá asignarase a cada unha das temporadas consideradas, conforme os criterios de ponderación establecidos no

parágrafo anterior. A contía asignada a cada temporada distribuirase entre os participantes do seguinte modo:

- 1.º clasificado: 17 por 100.
- 2.º clasificado: 15 por 100.
- 3.º clasificado: 13 por 100.
- 4.º clasificado: 11 por 100.
- 5.º clasificado: 9 por 100.
- 6.º clasificado: 7 por 100.
- 7.º clasificado: 5 por 100.
- 8.º clasificado: 3,5 por 100.
- 9.º clasificado: 3 por 100.
- 10.º clasificado: 2'75 por 100.
- 11.º clasificado: 2'5 por 100.
- 12.º clasificado: 2'25 por 100.
- 13.º clasificado: 2 por 100.
- 14.º clasificado: 1'75 por 100.
- 15.º clasificado: 1'5 por 100.
- 16.º clasificado: 1'25 por 100.
- 17.º clasificado: 1 por 100.
- 18.º clasificado: 0'75 por 100.
- 19.º clasificado: 0'5 por 100.
- 20.º clasificado: 0'25 por 100.

En caso de que a competición conte con máis ou menos de 20 participantes, estas porcentaxes deberán axustarse de conformidade co disposto no punto seguinte, respectando a progresividade en función dos resultados.

2.º A implantación social. Un terzo da valoración deste criterio virá determinado pola recadación en abonos e venda de entradas media das últimas cinco temporadas, e os outros dous terzos pola súa participación na xeración de recursos pola comercialización das retransmisións televisivas.

Para a aplicación dos criterios de implantación social, establecerase un sistema de repartición proporcional, sen que ningunha entidade poida recibir unha cantidade superior ao 20 por 100 desta partida. En caso de que un participante superase este límite, o exceso repartirase proporcionalmente entre os restantes.

Ningún dos participantes poderá recibir por este concepto unha cantidade inferior ao 2 por 100 desta partida.

4. Os criterios que se van aplicar para a distribución prevista no punto anterior deberán ser aprobados polos órganos de goberno de cada categoría, por unha maioría cualificada de dous terzos dos votos, tras a subscripción de cada contrato de comercialización de dereitos pola Liga Nacional de Fútbol Profesional. Se na reunión convocada para o efecto ningunha proposta consegue esa maioría despois de tres votacións, manteranse os criterios do anterior período. Se non existe, os criterios de repartición serán decididos polo Consello Superior de Deportes.

5. En ambas as dúas categorías, unha vez realizada a repartición das cantidades correspondentes de acordo cos criterios sinalados neste artigo, a diferenza entre os clubs e entidades que máis e menos ingresen non poderá ser superior a 4,5 veces. Se se dá esta circunstancia, diminuírase proporcionalmente a cota de todas as entidades no preciso para incrementar as que o necesitasen para chegar a esa diferenza máxima.

Na medida en que a repartición total supere os mil millóns de euros, esa diferenza entre quen ingrese máis e menos irá diminuíndo progresivamente ata un máximo de 3,5 veces, que se alcanzaría cun ingreso igual ou superior a mil cincocentos millóns de euros.

En ambos os dous casos, computaranse para a verificación do cumprimento destes límites tanto as cantidades que se puidesen percibir do Fondo de Compensación previsto na letra a) do artigo 6.1 como os ingresos que as entidades participantes reciban dos

adxudicatarios da explotación exclusiva de dereitos audiovisuais como contraprestación de calquera outra relación comercial.

6. A liquidación das cantidades que correspondan a cada club ou entidade participante en contraprestación pola comercialización dos seus dereitos audiovisuais realizarase por temporadas, antes da conclusión do ano natural en que se inicie cada unha. Os ascensos e descensos de categoría ao final dunha temporada non afectarán a liquidación correspondente a esta e soamente terán efectos a partir da seguinte.

Artigo 6. Obrigas das entidades participantes no Campionato Nacional de Liga.

1. Co obxecto de mellorar a promoción e funcionamento da competición e contribuír ao fomento do deporte en xeral, cada un dos clubs e entidades participantes no Campionato Nacional de Liga, en calquera das súas categorías, deberá cumprir anualmente coas seguintes obrigas, en proporción aos ingresos que obteña pola comercialización conxunta dos dereitos audiovisuais:

a) Un 3,5 por 100 destinarase a financiar un fondo de compensación do cal se poderán beneficiar as entidades deportivas que, disputando a competición do fútbol profesional, descendan de categoría. O 90 por 100 desta cantidade destinarase aos equipos que descendan de Primeira División e o 10 por 100 restante aos que descendan de Segunda División.

b) Un 1 por 100 entregarase á Liga Nacional de Fútbol Profesional, que o destinará exclusivamente á promoción da competición profesional nos mercados nacional e internacional.

c) Un 1 por 100 entregarase á Real Federación Española de Fútbol, como contribución solidaria ao desenvolvemento do fútbol afeccionado. Esa cantidade poderase incrementar no marco do convenio a que se refire o artigo 28 do Real decreto 1835/1991, do 20 de decembro, sobre federacións deportivas españolas e rexistro de asociacións deportivas. O Goberno determinará regulamentariamente as finalidades e os criterios de repartición desta cantidade entre as federacións de ámbito territorial, en función do número de licenzas.

d) Ata un 1 por 100 entregarase ao Consello Superior de Deportes, que o destinará a financiar, na contía e nos termos que regulamentariamente se establezan, os custos dos sistemas públicos de protección social que correspondan aos traballadores que teñan a condición de deportista de alto nivel e para os que o deporte constitúa a súa actividade principal e, se é o caso, os convenios especiais que permitan a súa inclusión no réxime especial de traballadores autónomos. Así mesmo, poderán destinarse a financiar axudas a deportistas que participen en competicións internacionais.

e) Ata un 0,5 por 100 entregarase ao Consello Superior de Deportes, que o destinará, na contía e os termos que regulamentariamente se establezan, ás seguintes finalidades, por orde de preferencia:

1.º Axudas ás entidades que participen na Primeira División de Fútbol Feminino para financiar o pagamento das cotas empresariais correspondentes á contratación de deportistas e adestradores incluídos no réxime xeral da Seguridade Social, así como as deportistas e adestradores para financiar o pagamento das cotas do traballador.

2.º Axudas ás entidades que participen na Segunda División B do Campionato Nacional de Liga para financiar o pagamento das cotas empresariais correspondentes á contratación de deportistas e adestradores incluídos no réxime xeral da Seguridade Social, así como ás deportistas e adestradores para financiar o pagamento das cotas do traballador.

3.º Axudas ás asociacións ou sindicatos de futbolistas, árbitros, adestradores e preparadores físicos, en función do número de licenzas que desempeñe cada unha nas categorías nacionais. Cando dentro dun mesmo colectivo existan varias asociacións ou sindicatos, asignaranse as cantidades en función da súa representatividade acreditada.

O Consello Superior de Deportes poderá subscribir convenios con esas asociacións para que os recursos obtidos se empreguen en facilitar a inserción no mercado de traballo deses deportistas cando finalice a súa dedicación ao fútbol, así como a financiar os seus gastos de funcionamento.

2. O pagamento das débedas líquidas, vencidas e exigibles á Axencia Estatal de Administración Tributaria e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social terá carácter preferente ao cumprimento das obrigas previstas no punto anterior.

Artigo 7. Órgano de control da xestión dos dereitos audiovisuais da Liga Nacional de Fútbol Profesional.

1. Dentro da Liga Nacional de Fútbol Profesional constituirase un órgano de control da xestión dos dereitos audiovisuais, coas seguintes competencias:

a) Xestión da comercialización e explotación dos dereitos audiovisuais, con respecto ás normas estatutarias e regulamentarias.

b) Proposta aos órganos de goberno da Liga Nacional de Fútbol Profesional das decisións sobre os criterios de repartición establecidos no artigo 5.

c) Control, revisión e auditoría da xestión comercial e dos resultados económicos derivados da explotación e comercialización conxunta dos dereitos audiovisuais, mediante os cales se acorden cantas medidas considere oportunas para lles facilitar ás entidades participantes coñecer, con total transparencia, a totalidade de datos relativos tanto á dita comercialización e resultados económicos como á totalidade dos datos utilizados para a obtención das cantidades que a cada entidade participante corresponde percibir por cada un dos conceptos.

d) Establecer o patrón para a produción e a realización da gravación audiovisual das competicións oficiais de carácter profesional que asegure un estilo común que fomente a integridade da competición, o cumprimento da regulamentación vixente sobre a celebración dos partidos e o valor do produto.

e) Determinar as cantidades que corresponda percibir a cada entidade participante pola comercialización dos dereitos audiovisuais, en aplicación dos criterios establecidos no artigo 5.

f) Obter e verificar os datos necesarios para valorar a implantación social das entidades participantes e calquera outro que resulte necesario para poder determinar os ingresos que a cada unha corresponde percibir das partidas variables.

g) Publicar a través da web, antes da conclusión do ano natural en que comezase cada temporada, os criterios de repartición dos ingresos audiovisuais, as cantidades que correspondan a cada entidade participante e as cantidades achegadas en cumprimento das obrigas previstas no artigo 6.1.

h) Calquera outra que lle veña atribuída pola presente disposición ou que lle sexa delegada polos órganos correspondentes da Liga Nacional de Fútbol Profesional.

2. Este órgano de control, cuxa composición se renovará cada temporada, estará integrado polos seguintes membros:

a) Os dous clubs ou sociedades anónimas deportivas que máis ingresos recibisen por dereitos audiovisuais derivados do ámbito nacional nos últimos cinco anos.

b) Dous clubs ou sociedades anónimas deportivas de Primeira División, distintos dos do punto anterior, elixidos en votación polos equipos desa categoría.

c) Un club da Segunda División elixido polos clubs ou sociedades anónimas deportivas desa categoría.

d) O presidente da Liga Nacional de Fútbol Profesional, cuxo voto dirimirá os eventuais empates nas votacións.

3. O Consello Superior de Deportes e a Real Federación Española de Fútbol serán convocados ás reunións deste órgano; poderán participar con voz pero sen voto.

Da mesma maneira, serán tamén convocados ás reunións do órgano de control da xestión dos dereitos audiovisuais e poderán participar, con voz pero sen voto, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, como acredores públicos, mentres algún dos clubs ou entidades participantes teñan importes pendentes de pagamento ante algunha das citadas administracións.

4. Os membros deste órgano de control deberán comunicar ao presidente da Liga Nacional de Fútbol Profesional calquera situación de conflito de interese, directo ou indirecto, que puidesen ter para o exercicio das súas funcións. En todo caso, entenderase que existe conflito de intereses cando concorran no membro do órgano os motivos previstos no artigo 28.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O membro afectado absterase de intervir nos acordos ou operacións a que o conflito se refira e, en caso de non facelo, poderá ser recusado, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir.

Artigo 8. *Especialidades na comercialización e repartición dos dereitos audiovisuais da Copa da S.M. o Rei e da Supercopa.*

1. A Real Federación Española de Fútbol poderá comercializar directamente os dereitos audiovisuais da Copa da S.M. o Rei e da Supercopa de España, de conformidade co artigo 4.

A Real Federación Española de Fútbol repartirá os ingresos que obteña da comercialización destes dereitos conforme os seguintes criterios:

- a) O 90 por 100 dos ingresos destinarase aos equipos da Liga Nacional de Fútbol Profesional e asignaranse de conformidade coas regras previstas no artigo 5. Para efectos da aplicación do criterio 1º da letra b) do artigo 5.3, tomaranse en consideración unicamente as entidades que disputen a rolda de oitavos de final da competición durante as cinco últimas temporadas, coa seguinte ponderación: campión 22 por 100; subcampión, 16 por 100; semifinalistas, 9 por 100; cuartos de final, 6 por 100; oitavos de final, 2,5 por 100.
- b) O 10 por 100 restante destinarase á promoción do fútbol afeccionado e aos equipos doutras categorías que participen na competición.

No seo da Real Federación Española de Fútbol constituirase un órgano de xestión coa mesma composición que o establecido no artigo 7, con dúas especialidades:

- a) O presidente da Liga Nacional de Fútbol Profesional será substituído polo presidente da Real Federación Española de Fútbol.
- b) Será membro do órgano un club da Segunda División B elixido polos clubs ou sociedades anónimas deportivas desa categoría

Este órgano terá as funcións previstas nas letras a), d), e) e g) do artigo 7.1 referido ás competicións que explote ou comercialice.

2. Alternativamente, a Real Federación Española de Fútbol poderá encomendar a comercialización destes dereitos á Liga Nacional de Fútbol Profesional, respectando as seguintes regras:

- a) Quedan excluídos desta encomenda o partido final da Copa da S.M. o Rei e a Supercopa de España, que serán comercializados ou explotados directamente pola Real Federación Española de Fútbol.
- b) A Real Federación Española de Fútbol recibirá da Liga Nacional de Fútbol Profesional, como contraprestación, a cantidade maior entre o 1 por 100 dos ingresos totais obtidos pola comercialización conxunta dos dereitos audiovisuais do Campionato Nacional de Liga ou dez millóns de euros actualizados.
- c) A Real Federación Española de Fútbol non estará obrigada a compensar economicamente ningún dos equipos do fútbol profesional e destinará a porcentaxe da

contraprestación recibida que determine a súa asemblea xeral ás entidades participantes das categorías non profesionais que disputen a Copa da S. M. o Rei.

d) A Liga Nacional de Fútbol Profesional repartirá os ingresos que obteña da comercialización destes dereitos entre os participantes no Campionato Nacional de Liga, de conformidade coas regras previstas no artigo 5, aplicando os criterios deportivos previstos na letra a) do punto 1 deste artigo.

En caso de comercialización conxunta cos dereitos audiovisuais do Campionato Nacional de Liga, a repartición realizarase de conformidade co previsto no artigo 5, coas seguintes especialidades na aplicación do criterio 1º da letra b):

1.º O 22 por 100 asignarase en función dos resultados deportivos no Campionato Nacional de Liga, conforme as regras previstas no propio artigo.

2.º O 3 por 100 restante asignarase en función dos resultados deportivos na Copa do Rei, conforme os criterios previstos no punto 1 deste artigo.

e) As entidades que participen no Campionato Nacional de Liga deberán contribuír aos gastos de promoción da competición nos termos establecidos no artigo 6.

3. En calquera caso, a Real Federación Española de Fútbol destinará integramente os ingresos obtidos da comercialización e explotación dos dereitos audiovisuais da Supercopa de España e da final da Copa da S.M. o Rei ao fomento do fútbol afeccionado.

Artigo 9. *Arbitraje do Consello Superior de Deportes.*

1. As entidades deportivas participantes nunha competición de fútbol profesional, de acordo co que dispoñan as súas normas reguladoras, poderán someter á arbitraje do Consello Superior de Deportes as discrepancias que se puidesen suscitar en relación coa comercialización e explotación dos dereitos audiovisuais.

2. O procedemento arbitral rexerese polo previsto na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje. Antes de dital laudo, o Consello Superior de Deportes solicitará o informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

3. O Goberno, mediante real decreto, establecerá as normas que regulen o exercicio da función arbitral polo Consello Superior de Deportes, asegurando a transparencia na designación dos árbitros e a súa independencia.

Disposición adicional primeira. *Pagamento das débedas coas administracións públicas.*

1. A Liga Nacional de Fútbol Profesional poderá utilizar todos os dereitos cuxa comercialización ten legalmente cedida como garantía para acceder ao financiamento, coa exclusiva finalidade de facilitar aos clubs e entidades participantes que a integran recursos para saldar as súas débedas coas administracións públicas.

A Liga Nacional de Fútbol Profesional deberá repercutir sobre cada entidade participante cuxas débedas fosen canceladas, total ou parcialmente, con estes recursos financeiros o importe correspondente, garantíndose a devolución deste.

Mentres non se efectuase a referida cancelación do importe íntegro das débedas co financiamento obtido conforme o parágrafo anterior, a Liga Nacional de Fútbol Profesional asegurará que o sistema de repartición finalmente acordado non significa un menoscabo dos dereitos e garantías que teñen tanto a Facenda pública como a Tesouraría da Seguridade Social en relación coa súa situación en data inmediatamente anterior á promulgación do presente real decreto lei.

2. En ningún caso este sistema de repartición poderá significar unha mingua nos dereitos e garantías das débedas coa Facenda pública e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social que manteñen os clubs de fútbol e sociedades deportivas titulares dos dereitos cuxa comercialización regula o presente real decreto lei.

Manterán a súa plena vixencia todos os embargos, medidas cautelares, garantías ou calquera outra afección, en virtude dos compromisos adquiridos por acordos de

aprazamentos ou fraccionamentos, suspensións, acordos xerais ou singulares subscritos no marco dun proceso concursal que recaian sobre os dereitos presentes e futuros aos cales se refire este real decreto lei, todo iso ata a completa cancelación das débedas cuxo pagamento garanten.

De ser necesaria a formalización de novas garantías, a Liga Nacional de Fútbol Profesional e a Real Federación Española de Fútbol, como entidades comercializadoras, subrogaranse na obriga de formalizalas por parte do debedor e responderán da constitución destas.

Particularmente, no caso de existir peñoramento, garantía validamente constituída ou por constituír ou embargo, que teñan por obxecto dereitos audiovisuais ou créditos, efectos e valores de calquera tipo constituídos sobre eles, así como de existiren acordos xerais ou singulares de pagamento subscritos no marco dun proceso concursal, tanto da Facenda pública como da Tesouraría da Seguridade Social, a Liga Nacional de Fútbol Profesional e, se é o caso, a Real Federación Española de Fútbol responderán solidariamente do ingreso das débedas tributarias ata a completa satisfacción da contraprestación no seu día acordada, e farano nas mesmas condicións materiais e temporais en que a dita satisfacción quedaba asegurada polo peñoramento, garantía, embargo, acordo ou calquera outra afección, orixinariamente constituída.

As actuacións da Administración tributaria poderanse entender directamente co responsable, ao que será exixible a débeda tributaria, sen que sexa necesario o acto administrativo previo de derivación de responsabilidade, previsto no artigo 41.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición adicional segunda. *Servizos de comunicación audiovisual televisiva de pago.*

No caso de que unha única persoa ou entidade adquira os dereitos exclusivos para a emisión en directo dos partidos de fútbol correspondentes ao Campionato Nacional de Liga de Primeira División a través de servizos de comunicación audiovisual televisiva de pago, para o ámbito nacional, deberá ofrecer coa suficiente antelación aos prestadores de servizos de comunicación audiovisual televisiva de pago que o soliciten o acceso, ao menos, a un sinal básico dos ditos contidos, en condicións obxectivas, transparentes e non discriminatorias.

As partes negociarán libremente os acordos do acceso a que se refire este artigo e as súas condicións, incluídas as contraprestacións económicas. Calquera das partes poderá presentar un conflito sobre o acceso e as súas condicións ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a cal, logo de audiencia das partes, ditará resolución vinculante sobre os aspectos obxecto do conflito, no prazo indicado na Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, sen prexuízo de que se poidan adoptar medidas provisionais ata o momento en que se dite a resolución definitiva.

Disposición transitoria primeira. *Implantación do novo sistema de adquisición e venda de dereitos audiovisuais.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto lei, ningún club ou entidade participante nunha competición oficial de fútbol profesional poderá subscribir contratos individuais de comercialización de dereitos audiovisuais, salvo que obteña a autorización da entidade comercializadora e que a duración do contrato non se estenda alén da data de expiración do último contrato individual en vigor.

2. O sistema de comercialización conxunta dos dereitos audiovisuais previsto neste real decreto lei será de aplicación a partir da temporada en que expire a vixencia do último contrato de explotación de dereitos audiovisuais que subscribise individualmente un club ou entidade que participe na competición.

Cando os dereitos audiovisuais dunha temporada non fosen comercializados individualmente por, ao menos, o 80 por 100 dos participantes no Campionato Nacional de

Liga, a Liga Nacional de Fútbol Profesional poderá proceder á comercialización conxunta dos dereitos non vendidos individualmente.

As entidades deportivas que os comercializasen xa poderán pedir á Liga Nacional de Fútbol Profesional que os inclúa na comercialización conxunta, e as ditas entidades asumirán as obrigas ou indemnizacións que puidesen xurdir fronte ás entidades que adquirisen eses dereitos.

3. A Liga Nacional de Fútbol Profesional e, se é o caso, a Real Federación Española de Fútbol poderán negociar cos adxudicatarios da explotación e comercialización dos dereitos audiovisuais da competición a resolución anticipada dos contratos, garantindo aos clubs e sociedades anónimas deportivas que os venderon o importe íntegro da contraprestación acordada.

Esta resolución anticipada en ningún caso poderá supor un prexuízo para os intereses dos acredores dos clubs e sociedades anónimas deportivas que vendesen os seus dereitos.

Particularmente, en caso de existiren embargos de créditos, efectos, valores e dereitos, tanto da Facenda pública como da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Liga Nacional de Fútbol Profesional e, se é o caso, a Real Federación Española de Fútbol, en proporción ao importe comercializado por cada unha destas dúas entidades, deberán ingresar, no momento de resolución anticipada dos contratos, o importe total das débedas incluídas nos embargos citados.

Disposición transitoria segunda. *Garantía do nivel de ingresos dos participantes no Campionato Nacional de Liga.*

1. Durante as seis primeiras temporadas posteriores á posta en funcionamento do sistema de comercialización conxunta dos dereitos audiovisuais aprobado neste real decreto lei garántese o nivel de ingresos dos clubs e entidades participantes no Campionato Nacional de Liga nos seguintes supostos e termos:

a) Se a cantidade dispoñible para a repartición entre os clubs e entidades participantes, de conformidade co artigo 5.1, é inferior á suma dos ingresos obtidos por todos os participantes pola comercialización individual dos dereitos audiovisuais na temporada 2014/2015, non serán de aplicación nin os criterios de repartición previstos nin os límites do artigo 5 e a cantidade correspondente a cada participante resultará de reducir a contía que recibiu cada un naquela temporada de forma proporcional á diminución dos ingresos totais recadados.

b) Se a cantidade dispoñible para a repartición entre os clubs e entidades participantes é superior á suma dos ingresos obtidos por todos os participantes pola comercialización individual dos dereitos audiovisuais na temporada 2014/2015, pero, por aplicación dos criterios de repartición, a cantidade correspondente a algún dos clubs e entidades participantes é inferior á efectivamente ingresada por ese club ou entidade nesa temporada, non serán de aplicación os límites do artigo 5.5 e reduciranse os importes que percibirán os clubs ou entidades con saldos positivos de forma proporcional á súa participación no incremento global de ingresos. As cantidades así reducidas acrecentarán os importes dos clubs e entidades con saldos negativos ata alcanzar o 100 por 100 do importe dos ingresos obtidos na temporada 2014/2015 por cada un deles.

2. Corresponderalle ao órgano previsto no artigo 7 verificar as cantidades que cada entidade deportiva participante recibise na temporada 2014/2015.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta norma e, en particular:

a) O artigo 21 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

b) A disposición adicional cuarta do Real decreto 1835/1991, do 20 de decembro, sobre federacións deportivas españolas e rexistro de asociacións deportivas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.*

O artigo 19.3 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, queda redactado nos seguintes termos:

«3. O dereito de emisión en exclusiva non pode limitar o dereito á información dos cidadáns. Os prestadores do servizo de comunicación audiovisual que contratasen en exclusiva a emisión dun acontecemento de interese xeral para a sociedade deben permitir aos restantes prestadores a emisión dun breve resumo informativo en condicións razoables, obxectivas e non discriminatorias. Este servizo utilizarase unicamente para programas de información xeral e soamente se poderá utilizar nos servizos de comunicación audiovisual por petición se o mesmo prestador do servizo de comunicación ofrece o mesmo programa en diferido.

Non será exixible contraprestación ningunha cando o resumo informativo sobre un acontecemento, conxunto unitario de acontecementos ou competición deportiva se emita nun informativo de carácter xeral, en diferido e cunha duración inferior a noventa segundos. A excepción de contraprestación non inclúe, no entanto, os gastos necesarios para facilitar a elaboración do resumo informativo. Durante a emisión do resumo deberase garantir a aparición permanente do logotipo ou marca comercial da entidade organizadora e do patrocinador principal da competición.

Os prestadores do servizo de comunicación audiovisual poden acceder, na zona autorizada, aos espazos nos cales se celebre tal acontecemento.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.*

Modifícase a Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, nos seguintes termos:

Un. A letra r) do artigo 8 pasa a renomearse como s) e engádese unha nova letra r), coa seguinte redacción:

«r) A administración da arbitrase e a designación de árbitros en relación coas discrepancias que se poidan suscitar sobre a comercialización e explotación dos dereitos audiovisuais nas competicións oficiais de fútbol profesional e en calquera outra materia que se lles someta.»

Dous. Modifícase a redacción do artigo 22, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Toda persoa física ou xurídica que adquira ou allee unha participación significativa nunha sociedade anónima deportiva deberá comunicar, nos termos que se establezan regulamentariamente, ao Consello Superior de Deportes o alcance, prazo e condicións da adquisición ou alleamento.

Cando a información subministrada non permita determinar as participacións posuídas ou adquiridas indirectamente por unha mesma persoa física ou xurídica, o Consello Superior de Deportes poderá pedir do adquirente calquera información ou documentación complementaria sobre a composición do accionariado e a identidade dos administradores en empresas do mesmo grupo e sociedades dominantes, así como sobre os negocios realizados a través de persoa interposta.

Entenderase por participación significativa nunha sociedade anónima deportiva aquela que comprenda accións ou outros valores convertibles nelas ou que poidan dar dereito, directa ou indirectamente, á súa adquisición ou subscripción de maneira que o adquirente pase ou deixe de ter, xunto cos que xa posúa, unha participación no capital da sociedade igual ou múltiplo do cinco por cento.

2. Toda persoa física ou xurídica que pretenda adquirir accións dunha sociedade anónima deportiva ou valores que poidan dar dereito directa ou indirectamente á súa subscripción ou adquisición de maneira que, unidos aos que posúa, pase a ter unha participación no total dos dereitos de voto da sociedade igual ou superior ao vinte e cinco por cento, deberá obter autorización previa do Consello Superior de Deportes e, no caso de que o adquirente sexa unha persoa física ou xurídica residente en países ou territorios cos cales non exista un efectivo intercambio de información tributaria, deberá nomear un representante en España.

O Consello Superior de Deportes soamente poderá denegar a autorización nos casos sinalados no artigo seguinte. Se non se dita resolución expresa no prazo de tres meses desde a recepción da solicitude entenderase concedida a autorización.

3. Para os efectos previstos neste artigo, consideraranse posuídas ou adquiridas por unha mesma persoa física ou xurídica:

a) As accións ou outros valores posuídos ou adquiridos polas entidades pertencentes ao seu mesmo grupo tal e como este se define no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores;

b) As accións ou outros valores posuídos ou adquiridos polas demais persoas que actúen en nome propio pero por conta daquela, de forma concertada ou formando con ela unha unidade de decisión a través de calquera tipo de vinculación xurídica, comercial, de prestación de servizos de asesoría ou de tipo familiar.

Entenderase, salvo proba en contrario, que actúan por conta dunha persoa xurídica ou de forma concertada con ela os membros do seu órgano de administración.

En todo caso, terase en conta tanto a titularidade dominical das accións e demais valores como os dereitos de voto que se teñan en virtude de calquera título.»

Tres. Modifícase a redacción dos puntos 1 a 4 do artigo 23 nos seguintes termos e renuméranse os actuais puntos 4, 5 e 6, que pasan a ser puntos 5, 6 e 7:

«1. As sociedades anónimas deportivas e os clubs que participen en competicións profesionais de ámbito estatal non poderán participar directa ou indirectamente no capital doutra sociedade anónima deportiva que tome parte na mesma competición ou, sendo distinta, pertenza á mesma modalidade deportiva.

2. Ningunha persoa física ou xurídica que, directa ou indirectamente, desempeñe unha participación nos dereitos de voto nunha sociedade anónima deportiva igual ou superior ao cinco por cento poderá ter directa ou indirectamente unha participación igual ou superior ao dito cinco por cento noutra sociedade anónima deportiva que participe na mesma competición ou, sendo distinta, pertenza á mesma modalidade deportiva.

3. Tampouco se poderán adquirir accións dunha sociedade anónima deportiva ou outros valores que, directa ou indirectamente, poidan dar dereito á súa subscripción ou adquisición cando diso se poida producir o efecto de adulterar, desvirtuar ou alterar o normal desenvolvemento da competición na cal a sociedade participe.

4. O Consello Superior de Deportes poderá acordar motivadamente a suspensión da designación de administradores e o exercicio do dereito de voto ou demais dereitos políticos nas entidades deportivas que participen en competicións profesionais nos seguintes supostos:

a) Cando a obstrución, resistencia ou negativa a facilitar a correspondente información ou documentación impida verificar o cumprimento das obrigas en materia de adquisición de participacións significativas.

b) Cando se comprobe a inexactitude ou falsidade nas declaracións que se realizasen ou dos documentos que se achegasen.

c) Cando a designación dos administradores ou a realización de negocios sobre as accións das sociedades anónimas deportivas ou doutras entidades deportivas poidan adulterar, desvirtuar ou alterar o normal desenvolvemento da competición.»

Catro. Modifícase a letra a) do artigo 76.3, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) O incumprimento dos acordos de tipo económico da liga profesional correspondente, incluído calquera acordo validamente tomado polos órganos de representación das ditas entidades que afecte o control económico e orzamentario das súas entidades asociadas.»

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, mediante real decreto, poderá adoptar as medidas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto nesta disposición legal.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de abril de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY